FEROZ 2025 PONTEVEDRA

PROGRAMACIÓN

NOVEMBRO

MESA DE DEBATE "MULLERES QUE CONTAN"

6
MÉRCORES
12.00 H

ENTRADA GRATUÍTA
FACULTADE DE COMUNICACIÓN

Coa colaboración de AGAPI - Asociación Galega de Produtoras Independentes.

Intervintes: Sonia Méndez, directora de 'As Neves' e socia de Cósmica; Chelo Loureiro, produtora en Abano Producións; Sara Horta, produtora en Indígena Films.

Modera: Uxía Caride, gerente AGAPI.

Análise de datos en relación coa presenza de mulleres en postos de responsabilidade / Novas formas de contar / A visión das directoras e produtoras no escenario actual.

PROXECCIÓNS DE CINE
CICLO PERSPECTIVA FEMINISTA

PODES RETIRAR AS TÚAS ENTRADAS NA OFICINA DE TURISMO DA PRAZA DE ESPAÑA DESDE 7 DÍAS ANTES DE CADA ACTIVIDADE E ATA COMPLETAR CAPACIDADE. MÁXIMO 4 ENTRADAS POR PERSOA.

Este ciclo consiste en analizar títulos míticos da historia do cinema español desde unha perspectiva feminista: roles dos personaxes femininos, historias, aspectos formais... Trátase de poñer sobre a mesa como as películas tamén contribuíron a construír o imaxinario sobre o que se sustenta a sociedade heteropatriarcal, independentemente da súa calidade cinematográfica. As sesións expóñense desde o debate xerado pola relatora despois do visionado das películas.

LUCÍA Y EL SEXO
JULIO MEDEM

6
MÉRCORES
18.30 H

Duración: 123 min

ENTRADA GRATUÍTA
FACULTADE DE COMUNICACIÓN

Relatora: Paula Serna, xerente de RR. PP. do Observatorio da Diversidade en Medios Audiovisuais (ODA).

Descrición: Drama romántico e erótico dirixido por Julio Medem e protagonizado por Paz Vega, Tristán Ulloa e Najwa Nimri. Alzouse en 2001 con dous Premios Goya de 11 nomeamentos, o de Mellor actriz revelación para Vega e Mellor música orixinal para Alberto Iglesias.

Sinopse: Lucía é unha moza que traballa como camareira no centro de Madrid. Tras a misteriosa desaparición do seu noivo Lorenzo, un escritor, decide marcharse á tranquila illa de Formentera. A liberdade que sente alí lévaa a enfrontarse aos aspectos máis escuros da súa pasada relación, coma se tratásese dunha novela.



CRÍA CUERVOS

CARLOS SAURA

8
VENRES
18.00 H

Duración: 110 min

ENTRADA GRATUÍTA
FACULTADE DE COMUNICACIÓN

Coloquio con Pepa Blanes, xefa de Cultura da Cadea SER.

Descrición: Esta película de culto dentro da nosa cinematografía, dirixida por Carlos Saura e protagonizada por Ana Torrent e Geraldine Chaplin, recibiu no Festival de Cannes de 1976 o Premio Especial do Xurado e nesa mesma tempada foi nomeada a Mellor Película Estranxeira tanto nos Premios César como nos Globos de ouro.

Sinopse: Ana lembra todo o ocorrido desde a morte do seu pai, vinte anos antes. A súa filla, de nove anos, cre ter poder sobre a vida e a morte de quen vive con ela. Hai outro poder que Ana cre posuír: o de invocar a presenza da súa nai. Con ela, morta hai anos, revive unha relación chea de tenrura e, ás veces, de dominio.

JAMÓN, JAMÓN

BIGAS LUNA

15
VENRES
18.30 H

Duración: 95 min

ENTRADA GRATUÍTA
FACULTADE DE COMUNICACIÓN

Coloquio con Beatriz Martínez, xefa de Cultura en Infobae España.

Descrición: Penélope Cruz e Javier Bardem comezaron as súas espectaculares carreiras coa primeira parte da triloxía ibérica dirixida por Bigas Luna, gañador con esta película do León de Prata á mellor dirección no Festival de Venecia 1992.

Sinopse: José Luis é o fillo dun adiñeirado matrimonio que posúe unha fábrica de roupa interior masculina, na que traballa a súa noiva Silvia. Cando ela queda embarazada, el promete casar con ela a pesar da oposición dos seus pais. Co fin de frustrar esa voda non desexada, a nai decide contratar a un novo aspirante a toureiro para que seduza á moza.

AMANECE, QUE NO ES POCO

JOSÉ LUIS CUERDA

21
XOVES

ENTRADA GRATUÍTA
FACULTADE DE COMUNICACIÓN

18.30 H

Duración: 106 min

Coloquio con Marta Armengou, fundadora e directora de Filmtopia.net.

Descrición: Unha das mellores comedias españolas de todos os tempos, escrita e dirixida por José Luis Corda. Humor absurdo e unha historia surrealista na que Antonio Resines, José Sazatornil, Manuel Alexandre, Fedra Lorente, Luis Ciges, Aurora Bautista, Tito Valverde ou Pastora Vega, entre moitos, danse cita nun pobo da Serra de Albacete.

Sinopse: Teodoro, un enxeñeiro español que é profesor na Universidade de Oklahoma, regresa a España para gozar dun ano sabático. Ao chegar, decátase de que o seu pai matou á súa nai e, para compensalo da perda, comproulle unha moto con sidecar para viaxar xuntos. Así é como chegan a un remoto pobo de montaña que parece deserto; o que ocorre é que todos os veciños están na igrexa, porque a misa é un auténtico espectáculo. Pai e fillo asisten ás eleccións que se celebran cada ano para designar alcalde, cura, mestre e puta. Ademais, ao pobo chegou un grupo de estudantes dunha universidade norteamericana, uns meteorólogos belgas, un grupo de disidentes dos Coros do Exército Ruso e mesmo invasores camuflados dun pobo próximo.

PRESENTACIÓN INFORME "INVESTIGACIÓN: AS CREADORAS NO AUDIOVISUAL"

8
VENRES
12.00 H

ENTRADA GRATUÍTA
FACULTADE DE COMUNICACIÓN

Intervén: Jéssica Izquierdo, Profesora Titular da Universitat Jaume I.

Descrición: As creadoras no audiovisual. Factores de transformación das estruturas para renovar discursos e referentes.

CLASES MAXISTRAIS

PODES RETIRAR AS TÚAS ENTRADAS NA OFICINA DE TURISMO DA PRAZA DE ESPAÑA DESDE 7 DÍAS ANTES DE CADA ACTIVIDADE E ATA COMPLETAR CAPACIDADE. MÁXIMO 4 ENTRADAS POR PERSOA.

CONVERSANDO SOBRE ANIMACIÓN

CON ALBERTO VÁZQUEZ

19
MARTES
19.00 H

ENTRADA GRATUÍTA
FACULTADE DE BELAS ARTES

Charla con Alberto Vázquez, cineasta, ilustrador e debuxante de cómics, que compartirá como é o seu traballo no sector da animación e como foi a súa traxectoria desde a súa saída da Facultade de Belas Artes de Pontevedra, onde estudou, ata converterse nun dos referentes da animación para adultos. A súa última película, 'Unicorn Wars', en 2022 alzouse co Goya á Mellor película de animación e foi candidato ao Feroz Arrebato de ficción.

CONVERSANDO SOBRE DESEÑO DE VESTIARIO

CON BINA DAIGELER

20
MÉRCORES
19.30 H

ENTRADA GRATUÍTA

Coa colaboración de Debut, a pasarela do mestrado en Dirección Creativa e Deseño en Moda que se imparte en Pontevedra.

Modera: Lola Dopico, coordinadora do mestrado de Dirección Creativa e Deseño en Moda (Universidade de Vigo).

Charla con Bina Daigeler, figurinista alemá afincada en España que conta cun nomeamento aos Premios Óscar 2020 polo vestiario de 'Mulan' (Niki Caro) e, entre outros cineastas, traballou con Pedro Almodóvar e Jim Jarmusch.

CONCERTO FEROZ BANDAS SONORAS

BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE PONTEVEDRA
DIRIXE RAFA AGULLÓ ALBORS

30
SÁBADO
20.00 H

ENTRADA GRATUÍTA
TEATRO PRINCIPAL DE PONTEVEDRA

ESTADE ATENTOS AS NOVAS